



## FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO



## X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26 do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1, recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constituán, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A Resolución de 22 de xullo do ano 2022, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 21 de xuño de 2022, pola que se ditan ás instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións para o ano 2023:

### Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.381	45
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	11.396	4.300
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	80.392	300
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	7.997	36
Fundación Galicia Europa	740	2
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.856	5
Fundación Semana Verde de Galicia	2.998	
Fundación Pública de Artesanía de Galicia	993	5
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	3.527	16.289
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	212	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	608	41
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.351	23
Instituto Feiral de A Coruña	430	
Instituto Ferial de Vigo	823	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.045	171
Fundación Pública Galega Rof Codina	2.212	
Fundación Deporte Galego	4.634	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.121	
Fundación Galega Formación para o Traballo	739	1
Fundación Camilo José Cela	368	
Fundación Museo do Mar	957	2
<b>Total</b>	<b>129.780</b>	<b>21.229</b>

(Miles de Euros)